

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PARADELA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ABASTECIMENTO DE AUGA A SANTA CRISTINA DE PARADELA

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, José Manuel Mato Díaz, alcalde do Concello de Paradelas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de cooperación e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.


Segundo. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que as administracións públicas poden subscribir convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

Terceiro. O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, emerxencias e interior, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Cuarto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración



Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Quinto. O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, a Orde do 21 de decembro de 2016, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de decembro), aplica parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, e incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Sexto. O Concello de Paradela expuxo a necesidade de acometer o proxecto denominado Abastecemento de auga a Santa Cristina de Paradela que ten como obxecto a construción dunha rede de abastecemento municipal de augas a unha das parroquias do concello, Santa Cristina de Paradela, que ten déficit de auga.

Esta obra permitirá ampliar e mellorar a prestación dun servizo público básico e de prestación obrigatoria, segundo o establecido no artigo 26 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e asemade mellorar as condicións de vida das persoas residentes na devandita parroquia que, durante o período estival, carece deste servizo esencial como é o abastecemento de auga, o que produce graves carencias das que derivan prexuízos para as persoas e para o gando. Con isto, póiñense de manifesto razóns extraordinarias de interese público, social, económico e humanitario que xustifican o recurso ao procedemento establecido no artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia.


Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e se corresponde con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario fortemente restritivo que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello de Paradela para afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas municipais sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Paradela.

Sétimo. Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade





e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Paradela, co fin de que o concello conte coas instalacións municipais necesarias para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas, de forma que se preste un mellor servizo á veciñanza.

Oitavo. O Concello de Paradela cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Noveno. En base a todo o anterior, co fin de materializar a cooperación antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Paradela acordan subscribir o presente convenio de cooperación segundo as seguintes

CLÁUSULAS


Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Paradela para a execución do proxecto denominado "Abastecemento de auga a Santa Cristina de Paradela", cun orzamento total de 90.924,08 € (IVE incluído), segundo a memoria técnica do mesmo título achegada polo concello e cuxo orzamento se incorpora como anexo I a este convenio, do cal forma parte.

Segunda. Obrigas do concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Paradela:

1. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitava deste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



- e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- 4. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
 - 5. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
 - 6. Cumprir as obrigas de publicidade establecidas e, en especial, as determinadas na cláusula sétima deste convenio.
 - 7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - 8. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- 1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Esta cantidade representa o 38,49% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

- 2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

- 1. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio, incluso aqueles que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.
- 2. Con carácter xeral, considerárase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, con anterioridade á



finalización do período de xustificación determinado na cláusula quinta.

Quinta. Conta xustificativa


Para percibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Paradela deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.
- b) Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 3. Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia no punto 2 anterior.
 4. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.
- e) Declaración responsable asinada polo representante da entidade beneficiaria en que se faga constar que a entidade beneficiaria non está/n incurso/s en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria/s dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que as entidades locais beneficiarias se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non son debedoras por resolución de procedemento de reintegro.
- f) Nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, copia compulsada da resolución de adxudicación da obra onde quede acreditado o cumprimento do establecido no referido artigo e no 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- g) No suposto de obras realizadas por administración pola entidade local beneficiaria, achegárase a seguinte documentación adicional:

A certificación do apartado b) conterá ademais unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe.





- Unha certificación emitida polo/a secretario/a-interventor/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto subvencionado.

h) Fotografías, en soporte dixital ou papel, do lugar ou lugares onde se efectuasen as obras, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan, polo que incluírán unha inscrición para o efecto.

Deberase incluír unha fotografía do cartel das obras no lugar destas, no cal se aprecie a publicidade do financiamento das actuacións con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental segundo o modelo que se xunta como anexo II a este convenio.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano tramitador desta subvención, expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de outubro de 2016.

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sexta. Subcontratación parcial ou total.-


1. O Concello de Paradela para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio poderá subcontratar parcial ou totalmente a actividade ou investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.
2. En todo caso, o concello beneficiario deberá observar o establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima. Publicidade das obras

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade da obra mediante a colocación dun cartel anunciador en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, segundo o modelo que se xunta como anexo II a este convenio e de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

Oitava. Efectividade dos pagamentos

1. Para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmentemente, mediante xustificante orixinal de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula quinta, alínea b).2, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.





Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificada e selada pola entidade bancaria.

Se o pagamento se realiza mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

Novena. Perda do dereito ao cobramento da subvención

Producirase a perda do dereito do Concello de Paradela ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:


- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto na cláusula quinta deste convenio.
- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio, nos termos establecidos nas cláusulas quinta e sétima.
 - Naqueles casos en que sexa de aplicación o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e o concello non acredite a solicitude dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores e/ou a falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.

A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décima. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11º da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.



- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décimo primeira. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

Décimo segunda. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo terceira. Seguimento do convenio


Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión de mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do concello.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio





Décimo cuarta. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por denuncia unilateral con preaviso de dous meses ou por mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute e/ou xustifique a realización do obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2016.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sétima. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo oitava. Normativa aplicable


En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza


Alfonso Rueda Valenzuela

O alcalde do Concello de Paradela


José Manuel Mato Díaz





Anexo I. Orzamento do proxecto

Presupuesto

Capítulo	Importe
Capítulo 1 MOVIMIENTO DE TIERRAS	9.587,830
Capítulo 2 BOMBEO	7.444,600
Capítulo 3 DEPOSITO	22.956,370
Capítulo 4 RED DE DISTRIBUCIÓN	18.623,030
Capítulo 5 REPOSICIONES	2.544,280
Capítulo 6 GESTIÓN DE RESIDUOS	500,000
Capítulo 7 CARTEL DE OBRA Y PLACA EXPLICATIVA	590,000
Capítulo 8 SYS Y TERMINACIÓN DE LAS OBRAS	900,000
Presupuesto de Ejecución Material	63.146,110
13% de Gastos Generales	8.208,990
6% de Beneficio Industrial	3.788,770
Suma	75.143,870
I.V.A. 21%	15.780,210
Presupuesto Base de Licitación	90.924,080

Asciende el Presupuesto Base de Licitación a la expresada cantidad de NOVENTA MIL NOVECIENTOS VEINTICUATRO EUROS CON OCHO CÉNTIMOS.






Anexo II. Modelo de cartel de obra

 XUNTA DE GALICIA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	
FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL	
 CONCELLO DE [CONCELLO]	ACTUACIÓN [ACTUACIÓN] [CONCELLO]
	ORZAMENTO [ORZAMENTO]
	COMEZO [COMEZO]
	FIN [FIN]

DIMENSIÓNS DO CARTEL DE OBRA



OBSERVACIÓNS

Cores:

Xunta de Galicia: as definidas na correspondente imaxe corporativa.

Instrucións para o cartel:

O escudo e o nome do concello serán da mesma altura que o da Xunta e irán situados no ángulo inferior esquerdo do cartel.